

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

4047 *Lei 3/2010, do 10 de marzo, pola que se aproban medidas urxentes para paliar os danos producidos polos incendios forestais e outras catástrofes naturais ocorridos en varias comunidades autónomas.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evolución favorable que para o noso país supuxo a redución de incendios forestais nos últimos dous anos viuse detida desde finais do mes de xuño. Desde ese momento e ata a data viñéronse producindo un número importante de sinistros deste tipo, algún deles de especial virulencia. Os incendios custaron once vidas humanas, nove das cales corresponden a persoal dedicado aos labores de extinción de incendios forestais, e afectaron máis de 76.000 hectáreas de diferentes comunidades autónomas. Os lumes, nalgúns casos, afectaron a seguranza das persoas e dos seus bens, xa que se produciron en zonas moi próximas a núcleos urbanos e vivendas no ámbito rural, que, en ocasións, obrigaron ao seu desaloxo. Noutros casos, chegaron a afectar importantes vías de comunicación.

Tamén tormentas acompañadas de fortes ventos e sarabia azoutaron con forza inusitada diversos territorios da nosa xeografía, destruindo colleitas e cultivos, producindo danos de todo tipo en infraestruturas de titularidade pública e en bens de titularidade privada, tanto en vivendas como en explotacións agrarias e gandeiras.

Os incendios declaráronse ao longo de todo o territorio, pero tiveron especial repercusión nalgunhas comunidades autónomas: en Cataluña, principalmente en Tarragona; en Andalucía, especialmente en Almería e Granada; en Aragón, sobre todo en Zaragoza e Teruel; na Comunidade de Madrid; en Castilla-La Mancha, en especial relevancia os de Cuenca e Guadalajara; en Castilla y León, en Ávila; en Extremadura, en Cáceres; na Comunidade Valenciana, en Castelló; e nas Illas Canarias, en La Palma e Tenerife.

Pola súa banda, as tormentas tiveron especial repercusión en Lleida e Huesca, aínda que tamén nalgunhas zonas da Rexión de Murcia, da Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha, Comunidade Valenciana e Canarias.

Hai que destacar na xestión destas emerxencias o esforzo de todas as administracións implicadas e a súa exemplar colaboración, así como a participación das forzas e corpos de seguridade do Estado, medios aéreos e terrestres do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e da Unidade Militar de Emerxencias. Todos eles, xunto ás autoridades, bombeiros, policía autonómicas e locais, voluntarios, e cos recursos das administracións autonómicas e locais, contribuíron a que as consecuencias destas catástrofes non fosen maiores. Neste sentido, hai que recoñecer a entrega, sacrificio e profesionalidade dos que deixaron a súa vida nos traballos de extinción dos incendios.

A magnitude destes feitos, e das súas consecuencias, obriga os poderes públicos a adoptaren medidas extraordinarias, no marco do principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato, en relación con situacións precedentes.

Prevese, así, nesta norma, un réxime de axudas específicas, así como a adopción dun conxunto de medidas paliativas e compensatorias dirixidas á reparación dos danos producidos en persoas e bens e á recuperación das zonas afectadas.

Por outra banda, as perdas de produción ocasionadas polos incendios e as tormentas nos cultivos configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario.

O obxectivo desta norma é, en consecuencia, aprobar un catálogo de medidas que afectan diversos departamentos ministeriais e abarcan aspectos moi diferentes, desde as que se dirixen a diminuír as cargas tributarias ata as que prevén a concesión de créditos privilexiados para tentar paliar o impacto nas empresas e cidadáns afectados.

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas nesta lei aplicaranse ás persoas e bens afectados polos incendios acaecidos durante os últimos días do mes de xuño, durante o mes de xullo e primeiros días do mes de agosto de 2009 naquelas comunidades que sufriron incendios forestais.

2. Igualmente, serán de aplicación as referidas medidas ás consecuencias da situación meteorolóxica de fortes tormentas acaecida en setembro na Comunidade Valenciana, nos primeiros días de agosto nas provincias de Lleida e Huesca, así como nalgúns puntos da Rexión de Murcia e de Castilla-La Mancha, como as tempestades de pedraza acaecidas nas provincias de Barcelona, Girona e Lleida durante os meses de abril, xuño e xullo de 2009 e as intensas tormentas acaecidas nas illas Canarias a mediados do mes de novembro.

3. Os termos municipais e núcleos de poboación afectados a que concretamente sexan de aplicación as medidas aludidas determinaranse por orde do ministro do Interior. Para este efecto, poderanse entender tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos cales, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

4. O Goberno, mediante real decreto, poderá declarar, con delimitación dos municipios e núcleos de poboación afectados, a aplicación das medidas previstas nesta lei a outros incendios e tormentas de características similares que acaeceron ou poidan acaecer, en calquera comunidade ou cidade autónoma, desde o 1 de marzo de 2009 ata a entrada en vigor desta lei.

Artigo 2. *Axudas por danos persoais, por danos materiais en obxectos e as destinadas a establecementos industriais, mercantís, agrarios, turísticos e doutros servizos.*

1. As axudas previstas neste artigo esténdense aos casos de falecemento e aos supostos de incapacidade causados directamente polos sinistros a que se refire esta lei, e réxense polo disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, modificado polo Real decreto 477/2007, do 13 de abril, polo que se determinan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en canto á aplicabilidade do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, co obxecto de acreditar a titularidade sobre os inmobles afectados polos sinistros admitirase como medio de proba calquera documento que demostre o dito título, tales como os recibos de pagamento do imposto sobre bens inmobles ou outros de análoga natureza.

3. As perdas de obxectos serán, igualmente, motivo de axudas segundo o establecido no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se determinan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

4. As solicitudes para a concesión destas axudas, cuxo prazo de presentación será de dous meses, será tramitado polas delegacións do Goberno ou polas subdelegacións do

Goberno das comunidades autónomas afectadas, e serán resoltas polo ministro do Interior no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude.

O prazo da presentación da solicitude contarase desde a entrada en vigor do Real decreto lei 12/2009, do 13 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes para paliar os danos producidos polos incendios forestais e outras catástrofes naturais ocorridos en varias comunidades autónomas, con respecto aos incendios e ás fortes tormentas incluídas no seu ámbito de aplicación.

Cando se trate de danos producidos por incendios ou catástrofes naturais non incluídos no ámbito de aplicación do citado Real decreto lei 12/2009, de 13 de agosto, pero si no ámbito de aplicación desta lei, o prazo da presentación da solicitude por esas axudas empezará a contarse desde a súa entrada en vigor.

Artigo 3. Réxime aplicable ás axudas a persoas físicas ou xurídicas que realizen prestacións persoais e de bens; e réxime de axudas a corporacións locais.

1. As axudas ás persoas físicas ou xurídicas que realizen prestacións persoais e de bens rexeranse polo disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se determinan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

2. As axudas a corporacións locais polos gastos causados para facer fronte a estas situacións de emerxencia rexeranse polo disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se determinan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión, sen que sexa aplicable a limitación da contía prevista nos seus artigos 22 e 23.

3. As solicitudes para a concesión das axudas establecidas neste artigo presentaranse no prazo de dous meses, contados a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 12/2009, do 13 de agosto, con respecto aos incendios e ás fortes tormentas incluídas no seu ámbito de aplicación.

Cando se trate de danos producidos por incendios ou catástrofes naturais non incluídas no ámbito de aplicación do citado Real decreto lei 12/2009, do 13 de agosto, pero si no ámbito de aplicación desta lei, o prazo de presentación da solicitude por esas axudas empezará a contarse desde a entrada en vigor desta.

4. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo e as concedidas en aplicación do previsto no artigo 2 financiaranse con cargo aos créditos dos conceptos 461, 471, 472, 482, 761, 771 e 782 da aplicación orzamentaria 16.01.134M «Para atencións de todo tipo motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados, con carácter de ampliables, no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 4. Axudas excepcionais en materia de vivenda: para aluguer de vivendas, de terse producido a destrución total, así como para a reparación, rehabilitación e reconstrución delas.

1. Serán beneficiarios das axudas excepcionais en materia de vivenda reguladas no número segundo deste artigo:

a) Os propietarios, os usufrutuarios, arrendatarios con contrato sometido a prórroga forzosa, sempre que a vivenda destruída ou danada teña a condición de residencia permanente e habitual no momento de se producir o sinistro e estea situada nalgúns dos termos municipais incluídos no ámbito do artigo 1 desta lei.

b) As comunidades de propietarios por danos en elementos comúns.

2. As axudas excepcionais concederanse con cargo á reserva non territorializada regulada no artigo 20.3 do Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

a) As axudas para aluguer de vivendas outorgaranse nos seguintes supostos e contías:

1.º Se, como consecuencia do sinistro, se produciu a destrución total da vivenda ou, debido ao seu mal estado residual, foi precisa a súa demolición, as persoas que ocupasen a vivenda como residencia habitual poderán acceder a axudas para facilitar o pagamento da renda dunha vivenda en réxime de aluguer, de características similares á vivenda sinistrada, durante un período máximo de 24 meses, prorrogable, de ser o caso, ata que sexa posible a reconstrución da vivenda ou a disposición dunha nova; poderanse admitir outras fórmulas de realoxamento alternativas cando así resulte necesario.

2.º No caso de que a rehabilitación ou reparación da vivenda exixa o seu desaloxo, as persoas que ocupasen a vivenda como residencia habitual poderán acceder igualmente ás axudas para facilitar o pagamento da renda dunha vivenda en réxime de aluguer, de características similares á vivenda sinistrada, durante un período máximo de 12 meses, prorrogable, de ser o caso, ata que sexa posible a disposición da vivenda.

3.º As tipoloxías das axudas e os colectivos que poderán acceder a elas son:

Os propietarios que ocupasen a vivenda destruída como residencia habitual poderán acceder a axudas para o pagamento da renda da vivenda de aluguer durante o período estipulado.

Os usufrutuarios, arrendatarios ou titulares de calquera outro dereito de uso ou disfrute con contrato en vigor que ocupasen a vivenda destruída como residencia habitual, poderán acceder a axudas consistentes no aboamento da diferenza entre as rendas da anterior e da nova vivenda, de características análogas á vivenda sinistrada.

4.º A contía máxima que poden alcanzar estas axudas non poderá superar o importe de 74,13 euros/m²/aluguer ano, por vivenda, e ata un máximo de 6.671,7 euros/ano.

b) As axudas para a reparación, rehabilitación e reconstrución de vivendas outorgaranse nos seguintes supostos e contías:

1.º Nos supostos en que, como consecuencia do sinistro, se produciuse a destrución total da vivenda, os seus propietarios poderán ser beneficiarios dunha axuda económica para a súa reparación, rehabilitación e reconstrución, cuxa contía quedará determinada, no seu límite máximo, polo 50% do valor dos danos producidos segundo a taxación pericial efectuada ou ratificada polo órgano competente da comunidade autónoma, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida ser superior ao 40% do prezo de venda dunha vivenda cualificada de protección oficial de réxime especial, situada na mesma localidade que a vivenda destruída. Para os efectos do cómputo do dito prezo de venda, suporase unha superficie útil da vivenda protexida de 90 metros cadrados, sen rocho nin garaxe.

2.º Se a vivenda non resultou destruída, senón danada, a contía máxima da axuda económica para a súa rehabilitación ou reparación, baixo os mesmos supostos e os mesmos límites que os do parágrafo anterior, será de 12.000 euros.

3.º Serán beneficiarios destas axudas previstas para a reconstrución, rehabilitación ou reparación dunha vivenda sinistrada:

Os propietarios, en proporción á súa porcentaxe de participación sobre a propiedade da vivenda sinistrada.

As comunidades de propietarios, por danos en elementos comúns; nese caso o receptor da axuda será o representante legal da comunidade de propietarios.

3. Os particulares que soliciten as axudas previstas no número anterior deberán acreditar, por calquera medio admisible en dereito, que reúnen os seguintes requisitos:

a) A vivenda sinistrada debía estar ocupada como residencia habitual no momento de se producir o incendio e estar situada nalgún dos termos municipais incluídos no ámbito do artigo 1 desta lei.

b) Xustificar, de ser o caso, o importe dos gastos xerados polo arrendamento que resultase necesario como consecuencia da inhabilitidade da vivenda destruída ou danada.

c) Reunir a condición de propietario, usufrutuario, arrendatario ou titular de calquera outro dereito de uso e desfrute nos termos que se determinan neste artigo.

d) Acreditar escaseza de recursos económicos para facer fronte aos gastos obxecto das axudas previstas neste artigo, de acordo cos requisitos que se establezan regulamentariamente.

4. As axudas recollidas neste artigo terán carácter extraordinario e rexeranse, no que ao procedemento de concesión se refire, polo disposto nesta lei e na orde ministerial que a desenvolva.

Artigo 5. Subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria das deputacións provinciais e cabidos insulares.

Aos proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais e núcleos de poboación a que se fai referencia no artigo anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos e instalacións e servizos de titularidade municipal e das mancomunidades, así como das redes de distribución e depósitos de auga dos consellos insulares de auga, e á rede viaria das deputacións provinciais e cabidos insulares, aplicaráselles o trámite de urxencia, e o Estado poderá concederlles unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo.

Artigo 6. Indemnización de danos en producións agrícolas e gandeiras.

1. As indemnizacións previstas neste artigo irán destinadas aos titulares das explotacións agrícolas ou gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo correspondente plan de seguros agrarios combinados e estando situadas no ámbito xeográfico sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 30 por cento da súa produción, conforme os criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

2. Serán obxecto de indemnización:

a) Nas explotacións gandeiras, as perdas producidas como consecuencia dos danos rexistrados sobre áreas de aproveitamento gandeiro, coa condición de que os animais desas explotacións estean asegurados en calquera das liñas de seguros contidas no dito plan.

b) Serán, igualmente, obxecto de indemnización os danos rexistrados naquelas producións agrícolas e gandeiras para as cales, nas datas do sinistro, non estivese iniciado o período de contratación do correspondente seguro, coa condición de que se tivese contratado o dito seguro na campaña anterior.

c) Para as restantes producións agrícolas e gandeiras que, no momento de se produciren os danos, dispuxesen de póliza en vigor amparada polo sistema de seguros agrarios combinados, serán indemnizados os danos que non fosen garantibles mediante o dito sistema.

d) Por último, serán obxecto de indemnización os danos orixinados polos sinistros nas producións agrícolas e gandeiras non incluídas no vixente plan de seguros agrarios combinados.

e) Así mesmo, teranse en conta e valoraranse os custos de reposición das instalacións de rega, os titores e mallas antipedraza danados polas tormentas sufridas.

3. As perdas rexistradas nas explotacións gandeiras, como consecuencia dos danos producidos sobre áreas de aproveitamento gandeiro, serán compensadas cunhas indemnizacións en concepto de gastos extraordinarios para a alimentación dos animais.

Para a determinación da indemnización nas producións agrícolas valoraranse as perdas rexistradas sobre a produción esperada na campaña. Para o caso de producións agrícolas leñosas terase en conta, ademais, unha compensación equivalente ao custo de

reposición das plantacións afectadas e a posible repercusión que puiden orixinarse na colleita das próximas campañas.

Para as restantes producións, a indemnización que se percibirá determinarase tendo en conta, na medida en que resulten aplicables, as condicións e os procedementos establecidos no sistema de seguros agrarios.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en coordinación coas comunidades autónomas, establecerá o procedemento para a determinación de todas as indemnizacións previstas neste punto e a contía máxima delas.

Artigo 6 bis.

Estableceranse axudas para sufragar os custos fixos das cooperativas agrarias afectadas pola diminución das entregas das producións agrícolas dos seus socios.

Artigo 7. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio de 2009 que afecten vivendas, establecementos industriais, turísticos e mercantís, explotacións agrarias e forestais, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa dos sinistros, cando se acredite que tanto as persoas como os bens neles situados tiveron que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos, ou as desfeitas en colleitas constituían sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio de 2009 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís, turísticos e profesionais cuxos locais de negocio ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos sinistros, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se produciu o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a isto, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2008.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán as das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores, tiveren satisfeito os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. Estarán exentas das taxas do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico establecidas pola Lei 16/1979, do 2 de outubro, a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos polos sinistros, e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de conducción destruídos ou extraviados polas ditas causas.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores puntos deste artigo produzan nos concellos, deputacións provinciais e cabidos insulares será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

7. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas excepcionais por danos persoais a que se refire o artigo 2.

Artigo 8. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determine a orde que se dite en desenvolvemento do artigo 1 desta lei, e conforme as previsións

contidas no punto 4.1.º do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o punto 3 do artigo 38 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista dos informes do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde EHA/3413/2008, do 26 de novembro, pola que se desenvolven, para o ano 2009, o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido. Así mesmo, para as explotacións e actividades agrarias realizadas nas zonas anteriormente sinaladas, excepcionalmente, para o exercicio fiscal do ano 2009, a porcentaxe de gastos de difícil xustificación aplicable ao rendemento neto procedente de tales cultivos na estimación directa simplificada do IRPF será do 10% e permitirase, no exercicio de 2009, calquera que sexa o método de determinación do rendemento, liberdade de amortización para os elementos afectados do inmovilizado material a que se refire o artigo 2 desta lei.

Os titulares de explotacións agrarias que perciban en 2009 indemnizacións de seguros ou de axudas recollidas nesta lei e polo menos dúas terceiras partes dos ingresos derivados dos cultivos efectuados en 2008, para corrixir a progresividade do imposto sobre a renda das persoas físicas en 2009, poderán optar por aplicar, con carácter previo á toma en consideración do mínimo persoal e familiar, as escalas xeral e autonómica de maneira separada á parte da base liquidable xeral que se corresponda coas axudas e indemnizacións e ao resto da citada base.

O sinalado no parágrafo anterior resultará igualmente aplicable no período impositivo 2010 cando se perciban no dito exercicio as indemnizacións do seguro ou de axudas recollidas nesta lei e polo menos as dúas terceiras partes dos ingresos derivados dos cultivos efectuados en 2010.

Artigo 9. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa directa nos danos producidos polos acontecementos catastróficos sinalados nos puntos 1 e 2 do artigo 1 desta lei, así como nas perdas de actividade directamente derivadas deles no sector da hostalaría e hospedaxe que queden debidamente acreditados, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. No primeiro suposto, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas da Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores será por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata das catástrofes, non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia, incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria de ata un ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta correspondentes a tres meses naturais consecutivos, contados desde o anterior á produción do sinistro ou, no caso de traballadores

incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, desde o mes en que aquel se produciu.

3. Os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores e satisfixesen as cotas correspondentes ás exencións ou á moratoria de que se trate poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídos, de ser o caso, os xuros de demora, as recargas e as costas correspondentes. Se o que tiver dereito á devolución for debedor á Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda.

4. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do servizo público de emprego competente a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Artigo 10. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 97 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, poderán ter a consideración de obras, servizos ou subministracións de emerxencia, logo do correspondente acordo do órgano de contratación previsto no punto 1.a) do citado artigo, os contratos de reparación ou mantemento de infraestruturas, equipamentos ou servizos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

3. Para a tramitación de expedientes de contratación de obras non incluídas no artigo 110.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva deberá ir precedida da formalización da acta de ocupación.

Artigo 11. *Liñas preferentes de crédito.*

Instrúese ao Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos por importe de 25 millóns de euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía e Facenda en función da avaliación dos danos e da demanda consecuenta, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación nas comunidades autónomas afectadas, coas que se subscribirán os oportunos convenios de colaboración.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións e equipamentos industriais e mercantís, agrícolas, forestais, gandeiros e de regadío, automóbiles, motocicletas e ciclomotores de uso particular, vehículos comerciais, maquinaria agrícola e locais de traballo de profesionais que se viron danados como consecuencia dos sinistros, así como a perda de capacidade económica das entidades cooperativas agrarias como consecuencia da diminución de produción entrada, materializaranse en operacións de préstamo concedidas polas ditas entidades financeiras, cuxas características serán:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola Delegación do Goberno respectiva ou, de ser o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, de ser o caso, o importe do crédito que puidesen subscribir con cargo a liñas de crédito preferentes establecidas por iniciativa da respectiva comunidade autónoma.

b) Prazo: cinco anos, con un de carencia, de ser o caso.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 1,50% TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas de 0,50%. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do dous por cento TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, e será pola súa conta o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos terminará o 31 de decembro de 2009.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo levaraa cabo o ICO, no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta.dous.2.a) do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, e, na súa virtude, o quebrantamento que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 1,50% será cuberto con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 12. *Cooperación coas administracións locais.*

Facúltase o ministro de Política Territorial para propor o pagamento das subvencións derivadas de danos en infraestruturas e equipamentos municipais e rede viaria das deputacións provinciais e dos cabidos insulares, na parte que financie a Administración xeral do Estado, ata o importe máximo que se determine nos reais decretos de desenvolvemento, unha vez efectuadas as valoracións de danos.

Tales subvencións atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos do dito departamento. De conformidade co establecido no artigo 50.1.b da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o crédito que se habilite financiarase con cargo ao Fondo de continxencia, cuxa autorización corresponderá ao Consello de Ministros por proposta do ministro de Economía e Facenda.

De igual modo, facúltase o titular do Ministerio de Política Territorial para establecer o procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

Artigo 13. *Actuacións de restauración forestal e ambiental nas comunidades autónomas afectadas.*

1. Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para declarar zona de actuación especial para a restauración forestal e ambiental das zonas afectadas e para declarar a emerxencia das obras que deberá executar o dito departamento, nas seguintes materias:

a) Restauración hidrolóxico-forestal, control da erosión e desertización, así como traballos complementarios, nos espazos forestais incendiados para mitigar os posibles efectos de posteriores choivas.

b) Colaboración para a recuperación e rexeneración ambiental dos efectos producidos polos incendios forestais nos espazos da Rede Natura 2000, en particular nos tipos de hábitats de interese comunitario e nos hábitats onde existan especies de interese comunitario, endemismos ou especies incluídas na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial.

c) Apoio directo á retirada e tratamento da biomasa forestal queimada, de ser o caso.

d) Colaboración no tratamento para control de pragas nas masas forestais.

e) Restauración de infraestruturas rurais de uso xeral, así como de camiños naturais e vías verdes.

2. Para os efectos das declaracións citadas no punto anterior, será necesario que a superficie forestal afectada polo sinistro reúna algunha das seguintes características:

a) Que sexa superior a 5.000 hectáreas.

b) Que sexa superior a 1.000 hectáreas, das cales máis do 70 por cento sexa de superficie forestal arborada.

c) Que sexa superior a 500 hectáreas que estean incluídas en lugares da Rede Natura 2000 e que afecten municipios que acheguen polo menos o 50 por cento do seu termo municipal á dita Rede.

d) No territorio insular, as superficies exixidas anteriormente serán as seguintes: na alínea a), 2.500 hectáreas; na alínea b), 500 hectáreas; e na alínea c), 250 hectáreas.

3. Todas ou parte destas actuacións poderán ser obxecto de convenio coas comunidades autónomas afectadas.

4. A facultade regulada no punto 1.º entenderase conforme o disposto no artigo 8.º da Lei de montes do 21 de novembro de 2003.

Artigo 14. *Consortio de Compensación de Seguros.*

1. O respectivo delegado do Goberno na comunidade autónoma afectada poderá solicitar do Consortio de Compensación de Seguros, para unha máis correcta avaliación dos danos non persoais, as correspondentes valoracións necesarias conforme os artigos 2 e 3 desta lei, sempre que non afecten bens de titularidade pública.

2. O Consortio de Compensación de Seguros terá dereito ao aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que o dito consorcio teña aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consortio de Compensación de Seguros poderán transmitirse os datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados.

4. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e o Consortio de Compensación de Seguros estudarán, conxuntamente, a posibilidade de establecer un sistema de compensación das perdas causadas polos incendios forestais nas instalacións e medios de produción das explotacións agrarias. O dito sistema sería complementario da cobertura ofrecida polas entidades aseguradoras.

Disposición adicional primeira. *Límites das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación desta lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puideren conceder outras administracións públicas, ou corresponderen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

A reparación dos danos nos bens de titularidade estatal, así como as indemnizacións que se concedan por danos en producións agrícolas e gandeiras, financiaranse con cargo aos orzamentos dos respectivos departamentos ministeriais; para estes efectos, realizaranse as transferencias de crédito que sexan necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 52.1.a de a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto da realización de transferencias de crédito desde operacións de capital a operacións correntes.

Disposición adicional terceira. *Actuacións con cargo a créditos financiados co Fondo de Continxencia de execución orzamentaria.*

Serán financiadas con cargo ao Fondo de Continxencia de execución orzamentaria as axudas recollidas nos artigos 3.4 e 5, as subvencións contidas no artigo 12 e os convenios coas comunidades autónomas afectadas que se prevén no punto segundo do artigo 13 desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Actuacións no Ministerio de Defensa e no Ministerio do Interior.*

Para atender os gastos ocasionados á Unidade Militar de Emerxencia pola extinción dos incendios acaecidos nas comunidades autónomas a que se refire o artigo 1 desta lei, o Goberno, por proposta da ministra de Economía e Facenda, habilitará os créditos necesarios no orzamento do Ministerio de Defensa, de conformidade co previsto nos artigos 50 e 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Así mesmo, para atender os gastos incorridos polo Ministerio do Interior nos labores de extinción dos incendios, o Goberno, por proposta da ministra de Economía e Facenda, habilitará os créditos necesarios no orzamento do Ministerio do Interior, de conformidade co previsto nos artigos 50 e 55 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición adicional quinta. *Actuacións no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.*

Para facilitar o despacho de medios do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, desde a Península ás illas Canarias impulsárase a ampliación do Protocolo de colaboración existente entre o Ministerio de Defensa e o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño traballará para a mellora do despacho de medios extraordinarios deste departamento desde a península ás illas Canarias, pondo en marcha os mecanismos de colaboración necesarios cos ministerios afectados.

Disposición adicional sexta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados de acordo co artigo 1, con carácter preferente, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ao Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes dos cales se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición adicional sétima. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar os convenios de colaboración que requira a aplicación desta lei cos órganos competentes das comunidades autónomas e as corporacións locais afectadas.

Disposición adicional oitava. *Réxime das cooperativas agrarias situadas nas zonas afectadas.*

As cooperativas agrarias que teñan o seu domicilio fiscal nos ámbitos territoriais a que sexa de aplicación esta lei e cuxa actividade resultase directamente afectada polos danos producidos polas catástrofes, terán o seguinte réxime respecto das operacións realizadas por terceiros non socios, dentro do ano 2009, calquera que sexa o inicio dos períodos impositivos que completen o dito prazo:

a) Non será de aplicación o límite máximo a que se refire o punto 4 do artigo 93 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.

b) Non será de aplicación o límite máximo a que se refire o punto 10 do artigo 13 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, sen que isto determine a perda da condición de cooperativa especialmente protexida, sen prexuízo de que estas operacións determinen rendementos extracooperativos.

c) Os ditos límites serán aplicables para as operacións cooperativizadas con terceiros non socios realizadas durante o resto do período impositivo que, de ser o caso, non estea comprendido dentro do ano 2009.

Disposición adicional novena. *Comisión interministerial de seguimiento das medidas de apoio a damnificados.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas de apoio establecidas nesta lei coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, e integrada polos representantes dos ministerios de Presidencia, de Economía e Facenda, de Defensa, do Interior, de Fomento, de Traballo e Inmigración, de Industria, Turismo e Comercio, de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Política Territorial e de Vivenda, así como polo delegado do Goberno nas comunidades autónomas afectadas, por un representante do Instituto de Crédito Oficial e por un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. O seguimento das medidas de apoio previstas nesta lei levarao cabo a Comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades das comunidades autónomas, a través das respectivas delegacións do Goberno.

3. Antes do 31 de xullo do ano 2010, a Comisión interministerial elaborará un informe sobre as actuacións levadas a cabo en execución desta lei.

Disposición adicional décima. *Declaración responsable.*

De acordo co previsto no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, admitirase a presentación, polos solicitantes destas axudas, dunha declaración responsable.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.7.^a, 149.1.17.^a, 149.1.23.^a e 149.1.29.^a da Constitución, sen prexuízo das medidas adicionais e de maior protección que adoptasen ou poidan adoptar as comunidades autónomas afectadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido nesta lei.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados.*

Incorpórase ao punto 1 do artigo 3.^o un novo parágrafo coa seguinte redacción «Poderán atenderse, así mesmo, as consecuencias dos ditos fenómenos sobre instalacións e elementos produtivos establecidos na parcela afectada polo sinistro e que resulten necesarios para o desenvolvemento da produción asegurada».

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO